**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 7 de maio de 2007**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
Dª. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
Dª. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Couto Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de maio de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(768).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 16 de abril de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

**2(769).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 19394/301.**

En cumprimento da base 31ª das de Execución do presuposto en vigor, a delegada da Área de Participación Cidadá, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Benestar Social durante o mes de decembro de 2006, e que son os seguintes:

| DATA | CONCEPTO | PARTIDA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|
| 11/12/06 | INSTALACIÓN ELECTRICA UBAS | 2120000 | 200600063604 | 3.670,24 | SIELVIGO, S.L. |
| 11/12/06 | OBRAS FONTANERIA UBAS | 2120000 | 200600063870 | 12.286,72 | HARS, S. COOP. |
| 26/12/06 | INFRAESTR. COMUNICACIÓN UBAS | 2120000 | 200600068409 | 11.943,36 | COMPUTERS, S.L. |
| 28/12/06 | REPOS. SISTEMA AIRE ACONDICIONADO UBAS | 2120000 | 200600069694 | 4.863,20 | MARS |

| DATA | CONCEPTO | PARTIDA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|
| 12/12/06 | ORGANIZ. PREMIOS INTEGRACIÓN | 2260100 | 200600064121 | 892,38 | EL MOLINO (Mª DOLORES R.) |
| 12/12/06 | PLACA PREMIOS INTEGRACIÓN | 2260100 | 200600064128 | 140,00 | JOYERIA RAMÓN FERNÁNDEZ |
| 20/12/06 | GASTOS PREMIOS INTEGRACIÓN | 2260100 | 200600067434 | 4.000,00 | VARIOS |
| 26/12/06 | PUBLICIDADE CONCELLERÍA | 2260200 | 200600068656 | 11.996,00 | PUBLITIA, S.L. |
| 28/12/06 | CURSO METODO. POBOACIÓN ESTRANXERIA | 2260804 | 200600069696 | 7.500,00 | COLEGIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN T. SOCIAL E ASIST. SOCIAIS DE GALICIA |
| 28/12/06 | REFORZOS ATENCIÓN PRIMARIA INMIGRACIÓN | 2260804 | 200600069699 | 10.000,00 | COLEGIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN T. SOCIAL E ASIST. SOCIAIS DE GALICIA |
| 12/12/06 | CURSO HOMOLOGACIÓN LICENCIAS CONDUCIR | 2270600 | 200600064110 | 8.000,00 | AUTO ESCOLA O SE ALQUILA |
| 04/12/06 | GASTOS SIMPOSIO CONDUCTAS ADICTIVAS | 2270608 | 200600062543 | 485,00 | VARIOS |
| 12/12/06 | CURSO HABILIDADES SOCIAIS | 2270609 | 200600064101 | 6.000,00 | AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L. |
| 12/12/06 | 50% TALLER DE FORMACIÓN INTERLOCUTORES | 2270609 | 200600064105 | 1.500,00 | MERCEDES COTO MACEIRA |
| 12/12/06 | 50% TALLER DE FORMACIÓN INTERLOCUTORES | 2270609 | 200600064106 | 1.500,00 | MARIBEL REINOSO REY |
| 26/12/06 | PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR | 2270609 | 200600068708 | 12.000,00 | FUNDACIÓN MENELA |
| 22/12/06 | ADQUISICIÓN MOBILIARIO | 6250000 | 200600068010 | 10.948,44 | EKIPO SCG |
| 14/12/06 | ADQUISICIÓN FOTOCOPIADORA E FAX | 6250001 | 200600064453 | 11920,00 | NEA F3 IBERICA |

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(770).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 23/1505, 22/1615.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Dª. Preciosa Pérez Palleiro. Expte.23/1505.
- Dª. Flora Lora Quinteiro. Expte. 22/1615.

**4(771).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIROES: ALTA EXPTES. 12/1116, 22/2085.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- Dª. Estrella Rodríguez Pérez. Expte. 22/2085.
- D. Adolfo Javier Garrido Rodríguez. Expte. 12/1116.

**5(772).- SOLICITUDE DA PRODUÇAO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS COA COLABORACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA ORGANIZAR O II GRAN PREMIO PAREDES ROTA DO MÓVEIS OS DÍAS 17 E 18 DE MAIO DE 2007. EXPTE. 6945/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Produçao de Actividades Desportivas coa colaboración da Federación Galega de Ciclismo, a organizar o II Gran Premio Paredes Rota dos Móveis, en canto á celebración das dúas etapas que teñen coma saída e chegada a cidade de Vigo, concretamente a Santiago-Vigo do 17 de maio e a Vigo-Maia do 18 de maio, cos percorridos e horarios seguintes:

Día 17 de maio:

Entrada por Chapela (15.05 horas), Travesía de Vigo, Aragón, Martínez Garrido, dirección Baiona, xiro á esquerda Valadares zona Franca, Av. Castrelos, Alcalde Portanet, chegada ao Estadio Municipal de Balaídos (15.33 horas).

Día 18 de maio:

Concentración Estadio Balaídos (10.30 horas), saída ficticia por Alcalde Portanet, Castrelos, xiro dereita Antonio Palacios dirección Porriño, saída real A-55 a carón Alcampo Av. Madrid, Puxeiros dirección Portugal.

**6(773).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL CRISTO DA VICTORIA DE COIA DE AUTORIZACIÓN PARA DESENVOLVER A XXIX MEDIA MARATÓN POPULAR DE COIA O 20.05.07. EXPTE. 6946/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación Veciñal Cristo da Victoria de Coia, a desenvolver a XXIX MEDIA MARATÓN POPULAR DE COIA, en horario de 10 a 14 horas e co seguinte percorrido: saída rúa Redondela -díante local social A.V. Cristo da Victoria-, Av. Castelao, xiro á altura da rúa Estrada, Av. Castelao dirección Samil, Av. Europa, Av. Samil, xiro á altura do Centro Deportivo Municipal Samil, Av. Europa, Av. Castelao, chegada na rúa Redondela -díante local social A.V. Cristo da Victoria.

**7(774).- SOLICITUDE DO ANPAS SOBREIRA VALADARES E IGREXA VALADARES PARA ORGANIZAR O CROSS ESCOLAR NOS ARREDORES DESTES CENTROS ESCOLARES O DÍA 13.05.07. EXPTE. 6947/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ás ANPAS Sobreira Valadares e Igrexa Valadares, a organizar o vindeiro 13 de maio de 2007, o Cross Escolar, na zona situada nos arredores dos centros escolares Sobreira e Igrexa-Valadares, entre as 9.30 horas e as 13.30 horas.

**8(775).- SOLICITUDE DE Dª. CARMEN NOGUEIRA ROUCO DE DESCATALOGACIÓN DUN RAMAL CON ORIXE NO CAMIÑO MUXENAS. EXPTE. 17328/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 19.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio e, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- ✗ *L 7 /1985 de 2 de abril, reguladora das bases de reximen Local (LRBRL).*
- ✗ *L 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).*
- ✗ *L 33/2003 de 3 de novembro de patrimonio das administracions públicas (LPAAPP).*
- ✗ *L30/1992 de 26 de novenbro, de réxime xurídico das administracions publicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).*
- ✗ *Rd 24 xullo de 1889 do Codigo civil (CC).*
- ✗ *L 4/1994 de 14 de setembro de estradas de Galicia (LEG)*
- ✗ *Rdl 781/1986 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local (TRRL)*
- ✗ *Rd 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais. (ROFRXEL).*
- ✗ *Rd 1372/1986 de 13 de xuño, do regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).*

*ANTECEDENTES:*

*PRIMEIRO.- Dna. Carmen Nogueira Rouco mediante escrito de data de entrada no Concello o día 20-06-2005 solicita a descatalogación dun tramo do camiño grafado no plano que achega, reseñado en ramal con orixe no camiño de Muxenas en Vigo.*

*SEGUNDO.- O arquitecto de Patrimonio emitiu informe en data 14.10.2005 e certificación de data 3.6.2005 sobre as características fisicas do camiño, sinalando que consta como público no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993.*

*TERCEIRO.- Asi mesmo, outorgouse tramite de audiencia a A.VV de Candean e os propietarios de parcelas colindantes, na sua condición de interesado no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, constando a formulación de alegacións por Dna. Isolina*

*Costas Caride e o seu esposo en data 5-10-2006 e por Dna. Marina Rodriguez Costas en data 6.10.2006 opoñendose a ela e afirmando o uso e a titularidade pública do camiño en todo o seu longo. Achegan documentación xustificativa.*

*CUARTO.- No expediente figuran planos solicitados ó Servizo de cartografía do Concello nos que consta grafado o tramo do camiño cuestionado na cartografía municipal antiga e actualizada.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluido no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epigrafe I- Inmobles-Vías Públicas e reflectido na planimetría de viais de dito Inventario municipal, con orixe en camiño de Muxenas e remate en finca particular..*

*SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e tendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulara ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal via como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.*

*TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso ordenamento xurídico , tanto na normativa xurídica de réximen local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.*
*Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (modificada por Lei 11/99) dispón no art. 79.2 e 3, que os bens das entidades*
*locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servicio público. Mesmo o art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles . No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da administración local de Galicia no art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques,fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da entidade local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.d. 1.372/86 de 13 de xuño do regulamento das entidades locais ( Art. 2 , 3 e 5).*

*Por outra banda o Código civil igualmente configura como bens de uso público nas provincias e pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servicios xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención os camiños de servicio tanto os de titularidade dominical pública como os construidos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición o uso público cando as circunstancias concurrentes nos camiños así o permita e o interés xeral o demande.*

*CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das entidades públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resúlta de relevancia a obriga que se impón ás administracións locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu art. 278, e no art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longo e largo (art. 20 g).*

*QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra se non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dandoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ter competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a xurisprudencia do Tribunal Supremo.*

*SEXTO.- Asi mesmo a administración local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na proteción, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).*

*SETIMO.- Centrada a costión na afectación de dito camiño ó seu destino ó uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre el, podese considerar que o tramo do camiño con orixe no camiño de Muxenas obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estándo atribuida pacificamente a este a condición de via de uso público afecto á rede viaria municipal, como parte integrante da infraestrutura pública e conseguintemente vencellada o uso común e xeral de todolos veciños indistintamente, sen que o uso duns imposibilite o dos demais (art. 75.1 RBEL).*

*A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitadamente a apariencia de uso público e posesión municipal do devandito ramal , e consecuentemente a procedencia da rectificación do Inventario municipal de viais.*

*OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),*

*Por todo o anteriormente exposto <u>propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo</u>:*

*"UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por Dna.Carmen Nogueira Rouco o non apreciarse a concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da desafectación o uso público municipal do tramo solicitado do camiño con orixe no camiño de Muxenas de Vigo.*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(776).- RECLAMACIÓN DE Dª. ANA MARÍA CASTRO ALFAYA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 800/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ana María Castro Alfaya presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de outubro de 2005, no que expón que o día 23 de setembro de 2005, mentres baixaba do autobús urbano na rúa Policarpo Sanz, á altura da parada dos números 22 e 24, sufriu unha caída ó pisar unha baldosa rota, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 18/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando non haber desperfectos na mesma á data do informe.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.224,03 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 05/04/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 04/05/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como estabelecen de xeito reiterado o Consejo de*

*Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*
*E así, polo que respecta ós danos que se reclaman e o nexo causal esixíbel entre eles e o funcionamento dun servizo público, cómpre dicir que:*

- *Dna. Ana María Castro Caeu o día 23/09/2005 ó baixar dun autobús urbano, á altura da parada dos números 22 e 24, o que lle produciu unhas lesións físicas que se valoran en ditame médico solicitado ó efecto, consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 en 2.624,88 euros. A estes efectos procede non admitir a valoración efectuada a instancia de parte con referencia na Lei 34/2003, de 4 de novembro, de Modificación e Adaptación da normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, na que como ten dito o Tribunal Supremo (STS 18/02/1980) o importe das indemnizacións fíxanse non en función exclusivamente do dano, senón da prima previamente pactada e aboada.*
- *Se ben Dna. Ana María fundamenta a súa reclamación e residencia a orixe da súa caída nunha "baldosa rota", o informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente estabelece e achega fotografías de que non hai desperfecto na zona. E practicada a proba testifical ás tres testemuñas que a reclamante propón, unha delas descoñece os feitos, indicando que noutro caso levantaría un parte ó efecto (condutor do autobús), outra non viu ningún defecto na rúa e descoñece o feito causante da caída, e soamente unha di que pisou unha baldosa e esta partiu, pero ó tempo asegura que non había defectos na beirarrúa, polo que os feitos non están probados con certeza.*
- *Indicar que a responsabilidade da Administración xeradora do dereito á indemnización polos danos e perdas causados ós particulares esixe para que se faga efectiva, que se acredite a relación causa-efecto entre os feitos imputábeis e os danos e perdas indemnizábeis, o que significa xurisprudencialmente que o nexo causal ten que ser directo, inmediato e exclusivo e non concorre cando incide outra causa directamente determinante, sexa atribuíbel ó prexudicado ou a terceiros, nin nos casos nos que non é unha necesidade obxectiva, senón que se elixiu libremente (STS 10/12/1992), razón pola que en todo caso tería que ser desestimada a indemnización en concepto de rehabilitación, que non consta prescrita medicamente e a petición dun informe médico privado, que o foi a vontade da solicitante.*
- *Respecto ás taxas quese reclaman, o requisito da antixuridicade do dano (artigo 141.1 da Lei 30/1992) exclúe aqueles supostos nos que exista unha carga de carácter xeral para todos os administrados incluídos no seu ámbito de aplicación, como o son as taxas (STS 11/06/1993).*

*Cuarto.- Ó non resultaren debidamente probados e constatados os feitos nin que estes o foron a consecuencia do funcionamento dun servizo público, procede desestimar a reclamación presentada.*

*Polo exposto, propónse á  Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana María Castro Alfaya, por unha caída ocorrida o día 23 de setembro de 2005 na rúa Policarpo Sanz, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(777).- RECLAMACIÓN DE Dª. Mª OBDULIA VILLAR DONSIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 805/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Mª Obdulia Villar Donsión presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de outubro de 2005, no que expón que o día 17 de outubro de 2005, mentres transitaba polo paso de peóns existente na rúa Gerona, á altura do número 2, lesionouse ó meter o pe dereito nun sumidoiro.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/12/2005, sobre o lugar onde supostamente ocorreu o accidente.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.225,44 euros.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 24/03/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 05/07/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/05/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como estabelecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*
*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*
- *O día 17 de outubro de 2005, a reclamante sufriu, segundo parte do servizo de Urxencias do Sergas, unha lesión con diagnóstico de escordadura de tornecelo, que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 2.836,80 euros.*
- *A reclamante manifesta que a lesión tivo lugar ó introducir o pé nun sumidoiro sen protección no paso peonil existente á altura do número 2 da rúa Gerona.*
- *A reclamante non achega ningunha testemuña dos feitos, nin hai parte da Policía Local ó efecto.*
- *No informe do servizo de Vías e Obras de data 16/12/2005 dise, consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, que o sumidoiro á que a reclamante se refire non se trata de desperfectos na calzada nin na beirarrúa, e non é difícil ver o burato.*
- *A concesionaria do servizo municipal de saneamento e abastecemento de auga manifesta que o sumidoiro está en bo estado e cómpre as funcións para as que foi deseñado, que é a recollida de augas pluviais, construíndose na cidade de acordo cun modelo estándar, paralelamente ós bordos das beirarrúas ós efectos de minimizar un posíbel risco á circulación dos vehículos e do tránsito peonil.*

*De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.*

*En todo caso, e sen prexuízo do anterior, o sumidoiro en cuestión non se trata de ningún defecto oculto, senón que ten como misión, de acordo cun modelo estándar construído ós efectos de minimizar os riscos, a recollida de augas pluviais.*

*Cuarto.- Se ben o servizo público de saneamento e abastecemento de auga do Concello de Vigo está outorgado en réxime de concesión administrativa a Aqualia-FCC S.A. por acordo plenario de data 25/10/1990, e os artigos 128.1.3ª do Decreto de 17 de xuño de 1995 (Regulamento de Servizos das Corporacións Locais) e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954 (Lei de Expropiación Forzosa) impoñen ó conceionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, é competente esta Administración para dictar a presente resolución consonte co artigo 123 da mesma lei.*

*Polo exposto, <u>propónse á  Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo</u>:*

*"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Mª Obdulia Villar Donsión por unha caída ocorrida o día 17 de outubro de 2005 na rúa Gerona, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello".*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(778).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA LIDIA CARBAJO IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 941/243. DESESTIMADA.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. María Lidia Carbajo Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de febreiro de 2006 no que expón que o día 6 de febreiro de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 5699-CNS, pola rúa Eduardo Iglesias, e colisionou co bordo dunha pedra na calzada, diante do número 20, causándose danos materiais no vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 06/02/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Carbajo relátalles o accidente que tivera, indicándolles que a pedra na que se accidentara é unha das que delimita a circulación de vehículos e peóns na vía; igualmente comproban a existencia de danos na roda do vehículo da reclamante.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 03/03/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº C0600447 de Talleres Costas Vespa, presentada pola reclamante, por un valor de 75,66 euros IVE incluído son correctos.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/03/2006, manifestando que o vehículo golpeou un pretil fixo na vía pública que serve de delimitador da zona de rodaduras dos vehículos.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 29/03/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.*

*E así, de conformidde tanto co parte de servizo da Policía Local que acudiu a requirimento da conductora do vehículo, como do informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente, cosntátase que a interesada golpeou cun pretil fixo na vía pública, situado á marxe esquerda da calzada, que non se trata de ningún desperfecto, senón que ten por obxecto delimitar a zona de rodadura de vehículos e impedir o seu estacionamento e que era perfectamente perceptíbel en condicións normais, non constituíndo ningún defecto ou trampa oculto, existindo espazo dabondo para transitar co vehículo, polo que soamente un despiste ou neglixencia puido ser a causa do golpe.*

*Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal.*

*Polo exposto, <u>PROPONSE a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:</u>*

*"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada Dna. María Lidia Carbajo Iglesias, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello".*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(779).- RECLAMACIÓN DE Dª. ANA PORTELA OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 989/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ana Portela Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de marzo de 2006, no que expón que o día 31 de xaneiro de 2006, ó circular co vehículo de propiedade de D. Martín Nogueira López, matrícula 6443-CPC, pola rúa Coutadas, tivo un accidente ó introducir o vehícúlo nunha focha sen sinalizar, producíndose danos materiais ó devandito vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 31/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Portela relátalles o accidente que tivera horas antes; igualmente comproban a existencia de danos no vehículo e do mal estado da vía.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 01/06/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº TD/34/2006 de Talleres Viacar, S.L., presentada pola reclamante, por un importe de 997,79 euros IVE incluído son correctos.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/06/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 18/07/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril,*

*Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*
*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*E así, do exame do expediente resultan constatados os seguintes feitos:*

- *O incidene polo que se reclama tivo lugar na rúa Coutadas, á altura do 3ª. Do informe que hai do servizo de Vías e Obras, que hai no expediente e que achega fotografáis do tramo, constátase que na calzada non hai desperfectos, aínda que si se atopa en mal estado a beirarrúa para tránsito peonil, defectos que son ostensíbeis.*
- *Na citada rúa os vehículos aparcan na súa marxe dereita, segundo a Policía Local, estando prohibido o seu estacionamento, se ben nas mencionadas fotografías obsérvase un vehículo circulando ó seu carón.*
- *Os feitos tiveron lugar sobre as 16:30 horas segundo a Policía Local, hora na que normalmente hai unha boa visibilidade.*

*De todo o anterior, resulta qe se ben hai espazo para circular estando a calzada en bo estado e os defectos da beirarrúa son ostensíbeis soamente por despiste ou neglixencia puido ter lugar o incidente que deu lugar ós danos que se reclaman ó invadir o vehículo sinistrado a beirarrúa, polo que se rompe a necesaria relación de causalidade entre eses danos e o funcionamento dun servizo público da Administración.*
*E así ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 135/2006 entre outros) a proteción que dispensa o ordenamento ó principio de confianza dos usuarios nas condicións aptas para circular por un vial, non é sempre absoluta e incondicionada por canto é sempre inexcusábel esixir ó usuario o cumprimento dun deber de atención, precaución e coidado ó conducir polas vías públicas. É o deber da chamada "condución dirixida", concepto que apela á necesaria existencia dunha conduta axeitada ás condicións da vía por parte do usuario.*

*Polo exposto PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana Portela Otero polos danos materiais sufridos ó vehículo de súa propiedade, matrícula 6443-CPC, por un accidente acaecido o día 31 de xaneiro de 2006 na rúa Coutadas".*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(780).- RECLAMACIÓN DE Dª DOLORES DEL PILAR GRAÑA GARVI DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14624/240. DESESTIMADA.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Dolores del Pilar Graña Garvi presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xuño de 2001, no que expón que o día 4 de xuño de 2001, mentres camiñaba pola rúa María Auxiliadora, sufriu un accidente por mor da existencia dunha focha tapada cun cartón, causándose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 490,04 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 22/10/2002, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
*d) Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Constatado un dano físico no expediente, o informe solicitado ó efecto en ditame de 01/08/2002 valórao en 490 euros, polo que procede examinar a relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Terceiro.- En primeiro lugar, cómpre resaltar as posíbeis contradicións en como sucederon os feitos que hai no expediente, cuestión trascendental neste tipo de expedientes nos que a xurisprudencia de xeito reiterado estima que*

*ten que ser debidamente probados e constatados. E isto porque, se ben a reclamante afirma que pasaba pola rúa cando pisou un sumidoiro tapado cun cartón que se atopa á carón dun colector. Dado que os colectores colócanse na calzada, necesariamente tiña que estar camiñando pola calzada e non pola beirarrúa como é o seu deber como peón. Non obstante, as testemuñas que propón, aínda que non poden ser tidas en conta, por canto se trata de simples fotocopias e non documentos orixinais, falan de que unha rapaza (a Sra. Graña) ía tirar dúas bolsas ó colector, feito ó que a reclamante non fai referencia no seu escrito.*
*Por outra banda, a reclamante afirma que ía acompañada por outra rapaza que chamou a ambulancia, parece ser que ó citarlla como testemuña que era Mª del Carmen Domínguez Acuña, persoa que na fotocopia presentada parece indicar que non coñecía a reclamante.*

*Cuarto.- En todo caso, tanto a xurisprudencia do Tribunal Supremo como a doutrina do Consello Consultivo de Galicia aceptan a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando o obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a súa orixe, e neste caso parece claro que o cartón que tapaba o sumidoiro atopábase no lugar pola neglixencia de alguén a quen se lle puido caer ó botar o lixo, ocultando deste xeito o dito sumidoiro, e isto con independencia da súa posíbel ubicación na calzada e non na beirarrúa.*

*Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores del Pilar Graña Garvi polos danos físicos ocasionados por unha caída ocorrida o día 4 de xuño de 2001 na rúa María Auxiliadora".*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(781).- DAR CONTA DA ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE "CONSERVACIÓN NO APARCAMENTO DA PORTA DO SOL". EXPTE. 14714/240.**
Mediante dilixencia do xefe de Patrimonio, do 23.03.07, dáse conta da acta de recepción das obras de "Conservación no aparcamento da Porta do Sol", por cumprimento da Orde de Execución da Xunta de Goberno Local de 14.11.05. Acta asinada polo concelleiro delegado da alcaldesa-presidente, Sr. Guerra Fernández, o enxeñeiro de camiños municipal, Sr. González Prada e o representante da empresa concesionaria Interparking Hispania S.A., Sr. Rodríguez Vázquez.

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**15(782).- SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERES PARTICULAR DO FUNCIONARIO D. JOSÉ MANUEL BAUTISTA FARALDO. EXPTE. 17264/220.**
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 2.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

"PRIMEIRO.- Declarar ó funcionario D. José Manuel Bautista Faraldo, número persoal 8355, en situación de excedencia voluntaria por interese particular na súa praza de auxiliar de servizos internos, con efectos económicos e administrativos a partires do próximo día 10 de maio de 2007 e de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo.

SEGUNDO.- En virtude do establecido no artigo 16 do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, e artigo 45 da Lei 4/1988, do 26 de maio, modificada pola Lei 3/1995, a falta de petición do reingreso ao servicio activo dentro do prazo máximo de duración da situación de excedencia voluntaria por interese particular comportará a perda da condición de funcionario.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación, nos supostos, térmos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

**16(783).- RECTIFICACIÓN DO CONVENIO DE RECOÑECEMENTO DO APROVEITAMENTO COS PROPIETARIOS DAS PARCELAS Nº 3, 5, 7, 17, 19 E 21 DO PROXECTO EXPROPIATORIO DE ENSANCHAMENTO DA RÚA SEVERINO COBAS. EXPTE. 156/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 16.04.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*No Plan xeral de ordenación urbana (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993) preveíase a execución dunha obra de mellora e ensanche na rúa Severino Cobas, entre a rúa "Bagunda" e zona do "Lagares". O ancho do vial previsto era de 16 metros.*

*O Concello asinou convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 30.02.00, polo que se comprometía o órgano autonómico "o financiamento, contratación, execución e dirección" de obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre o que se atopa o ensanche e mellora da rúa Severino Cobas. A administración local comprometíase a poñer da disposición da CPTOPV os terreos necesarios para a normal realización das obras a executar.*

*Por acordo de 6 de xuño de 2.003, o Pleno do Concello, adoptou o acordo de aprobación definitiva da declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Severino Cobas, resolvendo expresamente as alegacións presentadas polos interesados.*

*A Xunta de Goberno Local o 28.03.06 acordou o seguinte: "(...)1º.- Aprobar o modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade e de determinación do xustiprezo, habilitando ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo para a siantura do mesmo (...)". No mesmo acto se adoptou o acordo de aplicar o modelo de convenio ás parcelas números 3, 5, 7, 17, 19 e 21.*

*O 12.03.07 os propietarios das parcelas números 3, 5, 7, 17, 19 e 21 presentan escrito no que se solicita o seguinte: "(...) Que tenga a bien por presentado este escrito de alegaciones y a la vista de su contenido, se estime el mismo y, en su consecuencia, se me modifique la estipulación tercera del Convenio para que, en lugar de la redacción existente, conste la siguiente <Siempre que se den las circunstancias para el abono en metálico del justiprecio y una vez que no se materialice la edificabiliad que otorga el planeamiento, el sujeto expropiado, tendrá derecho a una revisión del principal incialmente determinado, por lo que se tramitará el correspondiente expediente expropiatorio para la fijación definitiva del justiprecio por el Jurado de Expropiación> (...)".*

*Examinado o expediente se constata que vai ser imposible de aplicar a cláusula terceira do convenio dado que non van a existir resolucións do Xurado que sirvan de referencia para a revisión do xustiprezo tal e como se establece na devandita cláusula.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

I. *Procedencia da rectificación do convenio aprobado o 28.03.06.- Unha vez constatado que é certo que dadas as circunstancias especiais que teñen as parcelas números 3, 5, 17, 19 e 21 do proxecto expropiatorio da rúa Severino Cobas e, tendo en conta que non se remitiu ó xurado de expropiación ningunha parcela con similares características, procede a rectificación do convenio con respecto á cláusula terceira. En efecto, a mesma partiría dos valores determinados polos Xurados de expropiación de Galicia en situacións semellantes, circunstancia que non vai a darse nunca. Polo tanto, procede a estimación da alegación.*

II. *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

*Polo tanto, tendo en conta o previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, SE PROPOÑE A SEGUINTE RESOLUCIÓN:*

*Primeiro.- Rectificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 28.03.06 polo que se aprobou o convenio de determinacion do xustiprezo cos propietarios do proxecto expropiatorio de ensanche e ampliación da rúa Severino Cobas (expte. 156/413), substituindo a redacción da cláusula terceira pola que se segue: "(...) Sempre que se den as circunstancias para o abono en metálico do xustiprezo e unha vez que non se materialice a edificabilidade que outorga o planeamento, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, polo que se tramitará o correspondente expediente expropiatario para a fixación definitiva o xustiprezo, polo Xurado de Expropiación (...)".*

*Segundo.- Ofrecer a sinatura do convenio rectificado ós propietarios das parcelas 3, 5, 17, 19 e 21*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(784).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ZARA ESPAÑA S.A. CONSTITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA NA RÚA URZÁIZ Nº 24. EXPTE. 26102/511.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 09 de enero de 2007, autorizouse a ZARA ESPAÑA, S.A. con núm. de expdte. 51430/250, a ocupación da vía pública cun valado de obra de 34 m2. na r/ Urzaiz, 24, condicionada o depósito dunha fianza de 3.000 € - tres*

*mil euros, que foi depositada na Tesourería Municipal, con número de operación 200700001286 de data 09-01-2007.*

*con data 13 de abril de 2007, o departamento de Administración de Tributos, (Tributos Especiais), indica que xa tomou nota da Baixa da ocupación da vía pública, con efectos de 13 de marzo de 2007, na mesma data tamén se solicita a devolución da fianza, con documento núm. 70046087, polo que se remite a informe de inspección, os efectos da devolución da fianza.*

*No informe da inspección feita con data 26 de abril de 2007, indícase que o valado retirouse da vía pública, e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de ZARA ESPAÑA, S.A.*

Acordo
A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de ZARA ESPAÑA, S.A.

**18(785).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A STRADIVARIUS ESPAÑA S.A. CONSTITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA NA RÚA URZÁIZ Nº 28. EXPTE. 26103/511.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 23 de xaneiro de 2007, autorizouse a STRADIVARIUS ESPAÑA, S.A. con núm. de expdte. 51555/250, a ocupación da vía pública cun valado de obra de 12 m2. na r/ Urzaiz, 28, condicionada o depósito dunha fianza de 3.000 € - tres mil euros, que foi depositada na Tesourería Municipal, con número de operación 200700002540 de data 23-01-2007.*

*con data 13 de abril de 2007, o departamento de Administración de Tributos, (Tributos Especiais), indica que xa tomou nota da Baixa da ocupación da vía pública, con efectos de 13 de marzo de 2007, na mesma data tamén se solicita a devolución da fianza, con documento núm. 70046089, polo que se remite a informe de inspección, os efectos da devolución da fianza.*

*No informe da inspección feita con data 26 de abril de 2007, indícase que o valado retirouse da vía pública, e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de STRADIVARIUS ESPAÑA, S.A.*

Acordo
A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de STRADIVARIUS ESPAÑA, S.A.

**19(786).- PROXECTO DO CONVENIO PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES. EXPTE.1841/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 20.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de lavadores, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 30.088 euros a favor da entidade; Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de lavadores, C.I.F. G-36.6633618. con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .*

*En Vigo,*

- *REUNIDOS*

*Dunha parte, A concelleria delegada de Xuventude Dña. Lucía Molares Pérez, en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D. Emilio Pazos González , con D.N.I. en representación da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, C.I.F. G-36.6633618.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

- *EXPOÑEN*

*Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumpri-los obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traverso do xogo.*

*Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en Lavadores.*

*Que a Asociación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.*

*Que, ademáis, dita asociación conta con espacios onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.*

*Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 1999 na realización de actividades .*
*Que en aras do interese social que para a cidade de Vigo teno desenvolvemento desta actividade, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores conveñen a realización do mesmo sendo a Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores a única entidade que conta con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar este actividade que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:*

*ESTIPULACIÓNS:*

*PRIMEIRA - A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En canto a subcontratacion das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interés público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 7 e 12 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a sua concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a población infantil e xuvenil.*
*Por outra banda esta é unha das tres entidades que ten capacidade organizativa para desenvolver un programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca na cidade de Vigo, sendo as outras duas obxecto de posteriores convenios con esta Concellería, razón pola que asubvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia.*
*A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.*

*SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:*

*2.1- Autorizar o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2007.*

*2.2.- Aboar á Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores a cantidade de 30.088 € (TRINTA MIL OITENTA E OITO ) EUROS pola organización e desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2007, con cargo á partida 4520.489.00.00" Convenios subvencións Actividades Xuvenís" do orzamento en vigor. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50%*

*do importe total ( 15.044 € ) á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante ( 15.044 € ) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*
*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade*

*TERCEIRA.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traverso da Concellería de Xuventude:*

*1.- Aboar a cantidade de 30.088 € á ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0130.2.5.0040003704 de CAIXANOVA.*
*2.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servicios. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*CUARTA.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, asume as seguintes obrigas:*

*1.Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. Este programa será levado a cabo nas instalacións da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES durante todo o ano 2007.*
*Para o desenvolvemento destas actividades, a Asociación de Veciños de Lavadores presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I..*
*2. Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación "Villa Galicia" de Lavadores, en Barreiro. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servicio, independentemente do número de nenas/os resultantes.*

*3. Prestaranse baixo a dependencia da Xefatura de Servicio da Concellería de Xuventude. Atenderánse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.*

*4. Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas*

*5. Cumprir o horario de prestación do Servicio que será:*
*De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto que non se prestará o servizo. Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servicio de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.*
*As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrumpido nos días e horarios indicados.*

*6. Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servicio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha*

*titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.*

*7. Denvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e teráse en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.*

*8. Prestar o Servizo trato e sen discriminación d@s usuarios do servicio.*

*9. Dispor do material necesario para o desenvolvemento da actividade.*

*10. Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado por parte do Concello de Vigo.*

*11. Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.*

*12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demáis gastos derivados das actividades.*
*13. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*
*14. Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servicio de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.*

*15. Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de dar o visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvimento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.*

*16. Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servicio e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.*

*17. Adquirir, repoñer, reparar ou sustituir, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público. Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais*

*QUINTA:- A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES será o encargada de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.*

*Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.*

*A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación veciñal, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traverso da xefatura de servizo de xuventude.*

*SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*
*A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

*SEPTIMA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.*

*A Concellería de Promoción económica e desenvolvemento local, a través do Servicio de Xuventude, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*OITAVA. A aceptación por parte da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.*

*O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.*
*As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS*
*A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o organización da actividade obxecto deste convenio.*

*NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.*

***1.*** *Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade ( art. 31 LXS ) e recollidos no orzamento presentado pola Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores, incluídos os gastos financieiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.*
***2.*** *A subvención de 30.088 € aboárase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:*

a) *Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.*
b) *Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.*
c) *Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.*

***3.*** *A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

*O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.*

*Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.*

## *ANEXO I*

*I. FINALIDADES DOS SERVICIOS.-*

*As finalidades do servicio a prestar concrétanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:*

*A) LUDOTECA*

*1.- Ofrecer os servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traverso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.*

*2.- Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*

*3.- Fomentar a cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*

*4.- Estimular a creatividade a traverso da expresión oral, plástica, etc.*

*5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*

*6.- Fomentar os hábitos de:*

*- Hixiene, convivencia.*
*- Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*

*7.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*

*8.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*

*9.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*

*10.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*

*11.- Fomentar a capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*

*12.- Fomentar o coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*

*13.- Fomentar a capacidade de respeto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*

*14.- Fomentar o deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.*

*15.- Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*

*16.- Realizar actividades de animación a traverso do xogo.*

*17.- Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*

*18.- Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*

*19.- Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*

*20.- Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*

*21.- Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*

*22.- Buscar a integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traverso do xogo.*

*II. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO SERVIZO.-*

*O contratista comprometerase a:*

*A) Desenvolver as actividades de cada un dos servicios que serán, de xeito xenérico:*

*1.- LUDOTECA*

*- Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*

*- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*

*- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*

*- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*

*- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servicio.*

*- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca*

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**20(787).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DANIEL FLORS (GROUP THERAPY) PARA FESTIVAL INTERNACIÓN DE JAZZ "IMAXINA SONS'07". EXPTE.10210/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de JOHN SURMAN QUARTET, o día 24 de xuño, ás 20,00 horas, no auditorio "Martín Codax" do Conservatorio Superior de Música , dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz "Imaxina Sons'07"*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º- Autorizar un gasto por un importe total de 23.780.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA*
*JOHN SURMAN QUARTET*
*Festival de Jazz de Vigo "IMAXINA SONS'07"*

*En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, en calidade de ADMINISTRADOR ÚNICO e en representación da empresa denominada PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36743755, con domicilio social na cidade de Vigo, rúa Policarpo Sanz, 22, 2º of. 9, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*<u>CLÁUSULAS</u>*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo JOHN SURMAN QUARTET, no sucesivo O ARTISTA, o domingo 24 xuño de 2007, ás 20,00 horas, no recinto denominado auditorio "Martín Codax" do Conservatorio Superior de Música" situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos. Con anterioridade, ás 18,30 hotas, haberá un concerto nese mesmo escenario do grupo Xacobe Martínez Antelo Quinteto, cunha duración máxima de 70 minutos.*

*Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'07", que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluidas as do ANEXO.*

*RETRIBUCION E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 20.500.- Euros máis 3.280.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 23.780.-Euros (VINTE TRES MIL SETECENTOS OITENTA), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Producción e Xestión Cultural S.L., que lle será entregado a Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

*AFORO E ENTRADAS*

*SEXTA.- O recinto da actuación ten un aforo de 300 butacas, e a entrada a este espectáculo será libre e gratuíta até completar o seu aforamento.*

*IMAXE DO ARTISTA*

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demáis condicións de venda.*

*OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demáis persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.*

*A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeros minutos do concerto.*

*<u>PUBLICIDADE</u>*
*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.*

*<u>PATROCINIOS</u>*
*DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxeto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.*

*O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respeito á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.*

*SEGURIDADE DO CONCERTO*
*DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuizo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.*

*DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA <u>entregue antes da súa entrada</u> no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.*

*<u>INSTALACIÓNS</u>*
*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DO CONCERTO*
*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**23(790).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DA PASARELA METÁLICA SOBRE A AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 51608/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 23.04.07, conformada polo interventor xeral, Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Obras y Construcciones Dios, o procedemento negociado para a execución das obras de reparación  e mantenemento da pasarela metálica sobre a avenida de Castelao, expte.  51608/250 por un importe de 52.990 euros.  Todo  iso de acordo co proxecto e pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19.02.2007 e a oferta presentada.

**24(791).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS 2007-2008. EXPTE. 50885/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 23.04.07, conformada polo interventor xeral, Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a "Transportes Pablo Val, S.L.." o concurso para a subministración de formigóns para o Servizo de Vías e Obras 2007-2008, expte 50885/250, por un importe de 400.000 euros e unha baixa porcentual media do 17,5%. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.02.2007 e a oferta presentada.

**25(792).- ADSCRICIÓN E DESTINO DO INMOBLE MUNICIPAL DA RÚA CÁNOVAS DO CASTILLO COMO ENCLAVE PARA A PROMOCIÓN DO EMPRENDEMENTO E A CREACIÓN DE EMPRESAS. EXPTE.4439/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.05.07, que di o seguinte:

*O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación na súa sesión de data 26/01/04. No seu punto 1. Promoción do autoemprego relaciónanse as accións que o Plan contempla para a promoción de novas iniciativas empresariais, fundamentalmente canalizadas polo Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE), e entre as que se inclúe a posta en marcha dun viveiro ou incubadora de empresas.*

*Por outra banda, e segundo informe do responsable municipal de Patrimonio, o inmóbel municipal da rúa Cánovas del Castillo nº 2, onde estivo anteriormente a Escola de Hostelaría, ten as plantas 2ª, 3ª, 4ª e o baixo cuberta, sen actividade.*

*Seguindo instrucións da concelleira delegada da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, o departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego está a proceder á adecuación e mellora deste inmóbel, principalmente a través dos traballos do persoal do Programa BIAL, para o seu uso como ubicación das estruturas municipais de apoio ao emprendemento e á creación de novas empresas, ao abeiro do establecido no Plan municipal de emprego 2004-2007. Así, os traballos de pintura, entarimado, mellora de servizos hixiénicos, adecuación de instalación eléctrica e das redes de datos, etc, permiten hoxe o seu uso administrativo e técnico por parte do persoal do PME.*

*No documento central do PME 04-07 indicábase tamén, no punto 3.- Infraestruturas, a posibilidade de poñer en marcha equipamentos deste tipo nalgunha das propiedades municipais existentes, nomeando a propia "Escola de hostelaría". A indefinición de usos posibles deste inmóbel ata o último momento (estivo moi preto a opción de sede do Patronato do Parque Nacional "Illas Atlánticas") motivou que ata decembro de 2006 non quedara clara a opción que agora se presenta.*

*Por outra banda, o proxecto "Conta con elas", que desenvolve a Agrupación para o Desenvolvemento (AD) "Área metropolitana de Vigo", e que ten como organismo público responsable á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), contempla como unha das súas actuacións singulares a creación dun viveiro ou incubadora de empresas para as iniciativas empresariais promovidas por mulleres da área intermunicipal de Vigo, e dispón de financiamento para equipar tal infraestrutura.*

*Deste xeito, existe a posibilidade real de centralizar nun mesmo espazo os recursos públicos locais para a promoción do autoemprego e a creación de novas empresas (traballos que desenvolve no marco do PME, e con adscripción á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, o Servizo de asesoramento a emprendedores/as -SAE-). Este servizo atópase actualmente na 4ª planta da Casa do Concello e conta coa participación de 6 técnicos/as (catro axentes de emprego e desenvolvemento local, unha técnica para o programa microcréditos e unha coordinadora, todos eles cunha relación laboral temporal co Concello).*

*O espazo para viveiro ou incubadora de empresas consiste en 7 (sete) despachos que van do 13 aos 16 m², e se denominará EME (Espazo da Muller Emprendedora). Dacordo coa xerencia do proxecto "Conta con elas" e da propia MAIV, para o seu acceso deberanse cumprir unha serie de condicións fundamentais:*

- ✗ *Os proxectos que soliciten ubicación no viveiro terán que ser promovidos por mulleres de calquera dos concellos da Mancomunidade de Vigo*
- ✗ *As empresas acollidas serán de nova creación*
- ✗ *O viveiro estará dirixido preferentemente a proxectos empresariais innovadores no marco da economía social (sociedades limitadas laborais e cooperativas de traballo asociado)*
- ✗ *Os proxectos empresariais deberán ser viables técnica, económica e financeiramente*

*De calquera xeito, os/as responsables do citado proxecto, en colaboración co Servizo municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, deberán redactar e tramitar, no seu momento e convenientemente, o regulamento de acceso e uso deste espazo de apoio ao emprendemento, para o seu correcto e normal funcionamento: Con este fin, tramitarase o correspondente expediente administrativo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.*

*Neste sentido, e á vista do anteriormente dito, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

- *Asignar a xestión do inmóbel municipal da rúa Cánovas del Castillo 2 (plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta), edificio da antiga Escola de Hostelaría, á área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, para o seu uso como espazo municipal de promoción de novas iniciativas empresariais e ubicación da estrutura técnica do Servizo de asesoramento para emprendedores/as (SAE), coa denominación proposta de Enclave municipal para a promoción do emprendemento e a creación de empresas (EMPECE).*
- *Destinar a 4ª planta do edificio a viveiro ou incubadora de novas empresas, ubicando, en colaboración co proxecto "Equal-Conta con elas", do que é organismo público responsable a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o denominado Espazo da muller emprendedora (EME) que, a expensas dunha posterior regulación detallada das súas condicións de acceso e uso, terá como características principais as seguintes: os proxectos empresariais deberán ser promovidos por mulleres de calquera dos concellos da Mancomunidade de Vigo e as empresas acollidas deberán ser viables técnica e económicamente, e de nova creación.*

**26(793).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN "CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ". EXPTE. 20745/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 16.03.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Fundación Casa de Caridade" por un importe de 16.000 euros.

2º.- Aprobar o texto do convenio coa entidade "Fundación Casa de Caridade", CIF G36.626.174, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 16.000€ con cargo á partida 3130.4890000 -Subvencións a asociacións, entidades, etc.-

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD (HOGAR SAN JOSÉ)*

*Vigo, a de de 2007*

*REUNIDOS*

*Dunha parte:*
*A Excma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra:*
*Don Ramón Arbones Davila, DNI. n º 35.918.345 en calidade de Presidente da Fundación Casa de Caridade, NIF G36626174, con enderezo a efectos de notificación en San Francisco 69, e en representación desta.*

*Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,*

*M A N I F E S T A N*

1. *Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais", sendo competencia de obrigado exercicio para os municipios de máis de 20.000 habitantes.*

2. *Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinación.*

3. *Que "Fundación Casa de Caridade (Hogar San José)" ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción.*

4. *Que a "Fundación Casa de Caridade" adícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles prioritariamente alimentos.*

5. *Que a "Fundación Casa de Caridade" constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais*

6. *Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades*

7. *A lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicio sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración.*

*Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes*

*C L Á U S U L A S*

*Primeira.-*

*O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a implantación e financiamento dunha rede integral de solidariedade dirixida á protección das persoas e colectivos de persoas con dificultade de acceso ós sistemas públicos de protección social.*

*Segunda.-*

*A finalidade do convenio é colaborar no financiamento do comedor asistencial coñecido como "Comedor da Esperanza".*

*O comedor asistencial facilitará servizo de comedor e coidados básicos de subsistencia a transeúntes e outros colectivos que se atopen en estado de necesidade como toxicómanos en fase de rehabilitación, xubilados con baixos ingresos, inmigrantes, etc.; estes colectivos poden chegar ao comedor directamente ou remitidos polos servizos sociais do Concello.*

*Terceira.-*

*O vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2007.*

*O presente convenio extinguirase en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ó fin previsto.*

*Cuarta.-*

*Para a realización dos servicios descritos no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 16.000 € anuais.*

*Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:*
*O 50% da cantidade anual ó comezo do exercicio.*
*O 50% restante unha vez que se xustifiquen os gastos realizados e sexan certificados polo funcionario/a responsable do programa.*

*Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Fundación Casa de Caridade de Vigo para o exercicio da subvención.*

*A Fundación Casa de Caridade de Vigo comprometese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2008, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais, achegando a siguiente documentación:*

a) *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
b) *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
c)

*1.- Unha realización clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.*

*2.- Facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas, polo importe total da subvención outorgada, ordenadas segundo a relación previa. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*

- *Número e no seu caso serie.*
- *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
- *Número de identificación fiscal ( NIF ou CIF)*
- *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura).*
- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.*
- *Lugar e data de emisión,*
- *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

*3.- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención , e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

*4.- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

*5.- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- ✗ *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*
- ✗ *Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- ✗ *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

*6.- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.*

*<u>Quinta.-</u>*

*A "Fundación Casa de Caridade de Vigo" poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

*Sexta.-*

*A "Fundación Casa de Caridade de Vigo" comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servicio facéndose responsable dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*Sétima.-*

*Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crease unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que esta composta por dúas persoas da Fundación Casa da Caridade e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a responsable dos servicios sociais.*

*Oitava.-*

*O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.*

*Novena.-*

*O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.*

*Décima.-*

*O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

*Undécima.-*

*A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter basíco e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**27(794).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN). EXPTE. 20746/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 18.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 13.04.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) por un importe de 18.000€.

2º.- Aprobar o texto do convenio coa Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN), Nif. G36660348, colaboradora co departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles roupa e alimentos.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 18.000€ con cargo á partida 3130.4890000 -Subvencións a asociacións, entidades, etc.-

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)*

*Vigo, a de 2007*

*Reunidas*

*Dunha parte:*

*A Excma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte:*

*Dona Hortensia González Fernández DNI 35914549 A como presidenta da Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) representante legal desta organización en Vigo con enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora 44, NIF 36.660.348.*

*Ámbalas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e*

*M A N I F E S T A N*

- *Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais ", sendo competencia de obrigado exercicio para os municipios de máis de 20.000 habitantes.*

- *Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinación.*

- *Que a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado”, no sucesivo “AFAN” ten como obxectivo a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción, facilitándolle os medios necesarios o seu alcance, para o seu total desenvolvemento.*

- *Que “AFAN” adícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento.*

- *Que a Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais.*

- *Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.*

- *A lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicio sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*

*Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes*

*C L A U S U L A S*

*Primeira.-*

*O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado, no sucesivo “AFAN”, é a colaboración na atención de persoas e familias en estado de necesidade coas que traballan habitualmente ámbalas dúas institucións, e que residan no termo municipal, mediante a execución de proxectos individuais de inserción. AFAN facilitará os seus usuarios información para o acceso ós Servicios Sociais normalizados de Atención Primaria e a aplicación dos recursos institucionais que correspondan, perseguindo a súa inserción social.*

*Segunda.-*

*AFAN comprometese á admisión de tódalas familias que accedan por primeira vez a solicitude de atención, remitíndoas cara os Servicios Sociais, e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso, así mesmo atenderá ás persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar Social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación.*

*O local social da entidade atópase situado na zona de Freixeiro e dispón de roupeiro, almacén de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, así como amplos salóns para a realización de actividades.*

*Terceira.-*

*A vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2007*

*Este convenio extinguirase no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas o fin previsto.*

*Cuarta* .-

*Para a realización das actividades descritas no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 18.000 € anuais.*

*Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:*
*O 50% da subvención concedida tras a sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo.*
*O 50% restante unha vez que se xustifiquen os gastos realizados e sexan certificados polo funcionario/a responsable do programa.*

*Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Asociación AFAN para o exercicio da subvención.*

*"AFAN" comprometese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2008, xustificación do cumplimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ó Departamento de Benestar Social, aportando la siguiente documentación:*

*a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
*b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que c onterá:*

*1.- Unha realización clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.*

*2.- Facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas, polo importe total da subvención outorgada, ordenadas segundo relación previa. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*

- ✗ *Número e no seu caso serie.*
- ✗ *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
- ✗ *Número de identificación fisca ( NIF ou CIF)*
- ✗ *Enderezo ( tanto do expendedor como do tomador da factura.*
- ✗ *En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado polos representantes das partes presentes.Descrición detallada cos prezos unitarios, s é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- ✗ *Se está xuxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarioas para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, acehgarse o documento xustificativo de tal situación.*
- ✗ *Lugar e data de emisión,*
- ✗ *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

*3.- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xusificación foron presentados e se o importe do xustificante*

*imputouse total ou parcialmente á subvención , e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

*4.- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

*5.- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*
- *Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

*6.- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subencionada e o interese de demora correspondente.*

*Quinta.-*

*"AFAN" poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

*Sexta.-*

*A Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) comprometese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servicio facéndose responsables dos danos e perxuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*Sétima.-*

*Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha Comisión mixta de seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a encargado dos Servicios Sociais.*

*Oitava.-*

*O Concello poderá subscribi-los convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.*

*Novena.-*

*O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.*

*Décima.-*

*O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

*Undécima.-*

*A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter basíco e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado polos representantes das partes presentes.*

**28(795).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICPAL CORRESPONDENTES ÓS MESES DE NOVEMBRO-2006 E MARZO-2007. EXPTE. 17247/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 25.04.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de NOVEMBRO-2006 e MARZO-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don Modesto Vázquez Pazó, por un total de 876'00 horas.

- Policia Local, relacións que se achega no expediente e que comeza por don Constante Alonso Caride e rematan por don Manuel Villar Miguelez, por un total de 1.634'15 horas .

- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 976’00 horas.

- Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Ramón Vázquez Rial, por un total de 109’00 horas.

- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 54’00 horas.

- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don A. Avelino Pardellas Avión e remata por don Manuel Sousa Atrio, por un total de 195’00 horas.

- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 112’00 horas.

- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 56'30 horas.

- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Juan Vázquez Blanco, por un total de 324'00 horas.

- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 178’00 horas.

- Parque Central, relación que se achega no expedientee que comenza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 116’00 horas.

- O montante do presente expediente ascende a un total de 40.188,39 €.

**29(796).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTES Ó MES DE MARZO DE 2007. EXPTE. 17246/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 25.04.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Alfonso Alonso Rodriguez do servicio de Montes, parques e Xardins e rematan por don Amantino Fernandez Fernandez do Museo de Castrelos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 3037.73 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MARZO de 2007..

| SERVIZO | IMPORTE |
|---|---|
| Montes, Parques e Xardins | 2646.95 |
| Museo Castrelos | 390,78 |
| TOTAL | 3037,73 |

**30(797).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, NON SENDO OFICIAL-CONDUCTOR, Ó FUNCIONARIO D. JOSÉ ALVAREZ RIVEIRO. EXPTE. 1901/336.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 19.04.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do Servizo de Xuventude, D José Alvarez Riveiro, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 158.76 € , correspondentes ó 1º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

**31(798).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, NON SENDO OFICIAL-CONDUCTOR, Ó PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES PARQUES E XARDÍNS- PRIMEIRO TRIMESTRE 2007. EXPTE. 3754/446.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 19.04.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do Servizo de Montes, Parques e Xardíns da relacion que se achega no expediente e que comeza por D Alfonso Alonso Rodriguez e reamta por D Jose Manuel Vila, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 1108,08 € , correspondentes ó 1º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**32(799).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DOS ACTOS DA “FESTA DA RECONQUISTA”. EXPTE. 17245/220.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 19.04.07, conformado polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais prestados con motivo dos actos da “Festa da Reconquista”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se

achega no expediente e que comeza por don Manuel Barciela Rivera, con nº de persoal 77044 e remata por D Juan Guillermo Vivero Mijares, por unha cantidade total de 454,52 €.

**33(800).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, NON SENDO OFICIAL-CONDUCTOR, Ó PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS-PRIMEIRO TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17257/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 12.06.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal de Vías e Obras que comeza por don Daniel Dominguez Alonso e rematan por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 375’84 € (TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º TRIMESTRE de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**34(801).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS POR PRESTAR SERVIZOS EN XORNADA PARTIDA- MARZO 2007. EXPTE. 17258/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 25.04.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servicio de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por dona Mª del Carmen Barros Abalde e remata por dona Mª Carmen Otero Rodríguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MARZO-2007, e que ascenden a un total de 607'26 € (SEISCENTOS SETE EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES

**35(802).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DAS OBRAS DO PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 51523/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 23.04.07, conformada polo interventor xeral, Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a "Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. o concurso das obras do proxecto de supresión de barreiras arquitectónicas na cidade de Vigo. Expte. 51523/250 por un importe de 200.000 euros e unha baixa porcentual media dos prezos unitarios do 17%. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.02.2007 e a oferta presentada.".

**36.-(803)ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez